
ESTREA EN NUMAX: 05.05.2025 | V.O. | 65 min

Esta película nace dunha reflexión colectiva nas comarcas galegas da Ulloa, Terras de Deza e Terras de Melide. Todas elas son áreas afectadas polo proxecto de Altri e Greenalia, que pretende instalar unha macrofábrica de celulosa. A través de diversos materiais e linguaxes audiovisuais, captura as paisaxes, os pensamentos e as vidas do territorio con sinxeleza e honestidade. As voces e a memoria oral, que flúen ao longo do documental como o propio río Ulla, son a alma deste relato colectivo.

A sesión contará con presentación e coloquio por parte de membros da Plataforma Ulloa Viva, entidade á que será doada a totalidade da recadación da sesión.



Como se fixo

Esta película é froito dun proxecto colectivo posto en marcha nas comarcas galegas da Ulloa, Terras do Deza e Terras de Melide, entre abril e agosto de 2024.

A primeira parte das imaxes foi gravada e enviada a través do teléfono móbil por xente da zona, tras unha convocatoria aberta en redes sociais e WhatsApp. O primeiro venres de xuño de 2024 xuntámonos en Monterroso para ver o que tiñamos e pensar de maneira colectiva no que faltaba. Con iso, formamos seis equipos de gravación e percorremos as aldeas e paisaxes do río Ulla. O que gravamos ese día conforma a maior parte deste documental.

Para ilustrar o enorme movemento social xerado contra a instalación do proxecto dunha macroplanta de celulosa na zona, foron cedidas imaxes das manifestacións locais. Este é un arquivo único deste conflito. Con todo isto, a nosa intención é contribuír a deixar testemuño de como se habita un lugar tan fermoso nunha época tan complexa.

O contexto

En 2017, a empresa Altri anuncia a creación dunha nova planta de celulosa en Galicia, nun terreo cercano a Palas de Rei (Lugo). Este proxecto foi presentado como unha gran inversión que podería contribuír á creación de empregos e ao desenvolvemento económico da rexión. Fálase dunha inversión millonaria e dun proceso de construción que debía comezar a principios de 2020.

O proxecto está no centro dunha forte e constante oposición social e ambiental nestes últimos anos. Numerosos grupos ecoloxistas, plataformas locais e algúns sectores da poboación mostraron a súa preocupación polo impacto medioambiental irreversible da planta e as perdas que xerarían tanto a nivel social como económico e ecolóxico.

A construción está actualmente condicionada á obtención de máis autorizacións, así como á necesidade de permisos ambientais e aprobacións locais e nacionais.